

A lingua galega no ámbito empresarial. Usos e representacións sociolingüísticas.

Título: A lingua galega no ámbito empresarial. Usos e representacións sociolingüísticas.

Autor/a: Valentina Formoso Gosende

Centro de lectura: Facultade de FILOLOXÍA

Data Lectura: 4 Xul 2005

Departamento: Depto. de FILOLOXÍA GALEGA

rátase dunha investigación sobre a situación da lingua galega no ámbito empresarial da Comunidade Autónoma. Por unha banda realízase unha análise diacrónica sobre a historia da normalización da lingua na empresa en Galicia (1ª parte da investigación), dedicándolle unha parte importante á revisión das medidas levadas a cabo pola administración autonómica neste eido, así coma a outras iniciativas fóra da administración. Por outra banda (e ocupando a segunda parte da tese), analízase sincronicamente a situación da lingua en Santiago de Compostela, un núcleo urbano dos menos castelanizados e, polo tanto, dos máis próximos á realidade global galega. Combinouse unha metodoloxía cuantitativa e cualitativa para facer unha descrición dos usos (mediante cuestionario) e das representacións sociolingüísticas (mediante grupos de discusión) da empresa compostelá. Ó tempo que se realizaron as 120 entrevistas para pasarlle o cuestionario ós directivos doutras tantas empresas, tamén se fixo observación dalgúns usos orais (atención ó público) e escritos (rotulación e papelería basicamente). As respostas e comentarios dos directivos complementáronse co discurso dos dous grupos de discusión realizados: un protagonizado por directivos e outro por traballadores. A análise dos resultados realízase baixo o marco teórico da escola catalano-occitana centrada nas representacións sociolingüísticas e cunha intención claramente intervencionista. De aí que, ademais da descrición da situación (caracterizada polo peso de moitas representacións negativas sobre o galego que conviven con algunhas positivas), se finalice o traballo investigador coa proposta dalgúns medidas de planificación.

Director/a: Manuel González González e María Carmen Alén Garabato

Áreas: Humanidades, Universidade de Santiago de Compostela

- [Investigación](#) [1]
- [Tese de doutoramento](#) [2]

- [Investigación](#)
- [Tese de doutoramento](#)

Source URL:

<http://unidadedamullereciencia.plexus.es/ficha/lingua-galega-no-ambito-empresarial-usos-e-representacions-sociolingueisticas>

Ligazóns:

[1] <http://unidadedamullereciencia.plexus.es/category/taxonomia-temas/investigacion-0>

[2] <http://unidadedamullereciencia.plexus.es/category/taxonomia-temas/tese-de-doutoramento>